




MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS

Expte. Deputación: 2020023029	Expte. Subvención: 6405/2019	Expte. Actuacións preparatorias: 143/2019	Expte. Contratación: 2932/2021
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: MELLORA SERVIZOS URBANÍSTICOS R/MANUEL MURGUÍA			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado abreviado			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas			
Prezo estimado: 51.327,72 €			IVE: 10.778,82 €
Orzamento base de licitación: 62.106,54 €			
Duración: 3 meses			



PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co disposto no artigo 25.2 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia en *“Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*

Tal e como se desprende da memoria do proxecto, redactado polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, ademais xustifícase pola necesidade de:

- Mellorar o trazado da rúa, xa que se atopa en moi mal estado de conservación, con importantes deficiencias no seu firme, trazado e pavimentación.
- Mellorar a aparencia da rúa e o seu contorno, que adoecen da necesaria integración urbana e ambiental. Esta actuación, servirá, polo tanto, para adaptar a súa imaxe ao resto do tecido urbano existente e revalorizar toda esta zona de grande valor patrimonial.
- Adaptar o trazado ás normas actuais de erradicación de barreiras arquitectónicas, accesibilidade e circulación de persoas con escasa mobilidade, ademais de incorporala ao tecido de uso peonil.





- Este novo proxecto supón, polo tanto, un novo impulso no marco dunha das máis importantes prioridades do Concello: a rehabilitación e renovación urbana do Conxunto Histórico como unha forma de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e como unha estratexia de desenvolvemento social, económico e cultural, a través do turismo sostible e outras actividades económicas compatibles co patrimonio construído e a herdanza cultural.

Para a consecución destes obxectivos, adoptárase unha solución construtiva que se integre no tecido histórico e patrimonial e, ademais, non entre en contradición con outras intervencións realizadas con anterioridade, co uso do taco de granito e a lousa de pedra, do mesmo xeito que noutras rúas do contorno.

SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de **“MELLORA SERVIZOS URBANÍSTICOS R/MANUEL MURGUÍA”**.

Os traballos a realizar serán os seguintes:

MOVEMENTOS DE TERRAS E DEMOLICIÓNS: Demolición de pavimento de formigón en masa de 10 a 15 cm de espesor con martelo rompedor e compresor de ar, retirada de escombros e carga, sen transporte a vertedoiro, segun NTE/ADD-10.

Escavación de gabias en terreos compactos con pala retroescavadora, axuda manual nas zonas de difícil acceso, limpeza e extracción de restos.

Transporte de terras ou materiais pétreos, con camión de capacidade 10 m³, por estradas ou camiños en boas condicións, ata unha distancia máxima de 5 km, incluído o retorno en baleiro e considerando unha velocidade media de 40 Km/h. Sen carga. Volume medido en perfil esponxado.

Levantado de tapas de instalacións por medios manuais e almacenamento para a súa posterior recolocación.

PAVIMENTACIÓN: Demolición de pavimento de formigón en masa de 10 a 15 cm de espesor con martelo rompedor e compresor de ar, retirada de escombros e carga, sen transporte a vertedoiro, segun NTE/ADD-10.

Escavación de gabias en terreos compactos con pala retroescavadora, axuda manual nas zonas de difícil acceso, limpeza e extracción de restos.

Transporte de terras ou materiais pétreos, con camión de capacidade 10 m³, por estradas ou camiños en boas condicións, ata unha distancia máxima de 5 km, incluído o retorno en baleiro e considerando unha velocidade media de 40 Km/h. Sen carga. Volume medido en perfil esponxado.

Levantado de tapas de instalacións por medios manuais e almacenamento para a súa posterior recolocación xuntas alternadas de ancho non superior a 1 cm sobre cama estendida de morteiro de cemento en seco nivelada de 8 cm de espesor medio, posterior regado e rexuntado con lechada de cemento con arena, pp. de recortes e limpeza, s/NTE-RSR-16.

Pavimento de lousas de granito Silvestre seleccionado de 60x40 cm y 4 cm de espesor, acabado abuxardado en caras vistas. Colocadas con xunta non menor de 1 mm. sobre capa de 5 cm. de morteiro de cemento e arena M-5. Espolvoreado de cemento sobre o morteiro fresco e posterior rexuntado con lechada de cemento, recortes e limpeza.

REDE DE SANEAMENTO E AUGAS PLUVIAIS: Escavación mecánica de gabia en todo tipo de terreo, con medios mecánicos e ata unha profundidade de 2 m. Ca perfección que sexa posible á máquina, incluso formación de cabalóns e carga de produtos sobrantes, medida sobre perfil.

Recheo mecánico de gabias co material da obra ou materia procedente de préstamo, con medios mecánicos, incluída compactación.





Canalización de saneamento en canalización de PVC SN4 tella para augas residuais, de diámetro exterior 315 mm, unión por xunta elástica, de 7.70 mm de espesor, segundo UNE-EN1401-1, capaz de resistir descargas intermitentes de auga a 95° C, certificado AENOR; instalación para enterrar en gabia segundo NTE/ISA-9, PG-3 e PTSP, incluída soleira de material granular, xuntas de conexión de tubería, colocación e proba.

Acometidas de baixantes de pluviais a rede principal, ata unha distancia máxima de 5 m., formada por: escavación mecánica de gabia, rotura, conexión e reparación do colector existente, colocación de tubería de PVC liso de 125 mm. de diámetro interior, incluída xunta de estanqueidade para unión tubo-arqueta, e con p.p. de medios auxiliares, tapado posterior da acometida.

Pozos de rexistro circular ata 1,5 m de profundidade para saneamento ou pluviais, formado por aneis prefabricados de formigón de d=100cm de diámetro, revocado interior e xuntas tomadas con morteiro de cemento M-15, soleira de formigón en masa de 20 cm. de grosor, incluso cono terminal de redución d=100- 60cm, tapa e cerco de fundición de diámetro 60 cm, así como p.p. de medios auxiliares.

Subministro e colocación de imbornais prefabricados de formigón para recollida de pluviais, de 550X300 mm e profundidade 700 mm, con sifón, con marco e reixa de fundición abatible clase C-250, incluída escavación, envolta de formigón HM-20/P/20, recheo de trasdós, totalmente rematado.

REDE DE ABASTECIMENTO: Tubería de PEAD de d=75 mm. exterior y 10 atm de presión de traballo, asentada sobre cama de area de 10 cm de espesor colocada de forma manual e probada, incluso p.p de escavación en gabia (excepto Roca) con transporte a vertedoiro, recheo, estendido e compactado de gabias.

Arquetas de 0.40x0.40 m interiores, incluso escavación, retirada de sobrantes a vertedoiro e rexistro de calzada de fundición dúctil clase C-250, norma de referencia EN 124.

Acometidas de auga potable realizadas con tubería de polietileno de baixa densidade de 25 mm. PN10, conectada á rede principal de abastecemento, con collarín de toma de fundición saída e racor rosca-macho de latón y chave de corte, incluso escavación y rotura de firme existente cunha lonxitude máxima de 6 m. Medida a unidade terminada.

Conexións a rede existente, colocadas en tubería de polietileno de abastecemento de auga, completamente instalado.

VARIOS: Colocación de tapas de instalacións, colocadas ou ben con formigón HM-20 de central, consistencia plástica y TM 20 mm, vertido, compactado, curado do formigón e desencofrado; o do mesmo xeito e materiais cos que se encontra colocado na actualidade, según indicacións de la dirección facultativa.

TERCEIRO.- PRESUPUESTO ESTIMADO E PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN. Redactado polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, o proxecto das obras de “**MELLORA SERVIZOS URBANÍSTICOS R/MANUEL MURGUÍA**”, foi supervisado e aprobado por Resolución de Alcaldía 2020-0544, de data 20/05/2020, ascendendo o investimento a:

Execución material		43.132,54
13% Gastos xerais	5.607,23	
6% Beneficio industrial	2.587,95	
Valor estimado		51.327,72
21% IVE		10.778,82
Presuposto base licitación		62.106,54





ILMO. CONCELLO DE
CAMBADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

CUARTO.- DIVISIÓN EN LOTES. En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non procede á división en lotes do obxecto do contrato, en base ao informe do arquitecto municipal, de data 28/06/2021 unido ao *expediente de contratación* 2932/2021.

QUINTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.- No expediente de subvención **6405/2019**, consta a notificación do acordo de concesión de subvención, adoptado pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación de Pontevedra, en data 31/07/2020, outorgándose ao abeiro das “*Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos, Plan Concellos 2020*”, para levar a cabo o citado investimento, aceptándose a subvención por Decreto desta Alcaldía nº 2020-0921, de data 05/08/2020, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

Investimento	Nº Expte	Subvención PC2020	Fondos municipais
MELLORA SERVIZOS URBANÍSTICOS RÚA MANUEL MURGUÍA	2020023029	62.106,54	0,00

SEXTO.- ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.6 da LCSP, o contrato adjudicarase por **procedemento aberto simplificado abreviado**, dado que o valor estimado do contrato (**51.327,72 €**) non supera a cantidade de 80.000,00 €.

En Cambados. Documento asinado electronicamente.



Cod. Validación: ALMDA-JD-GZZH-WRDE639YNWRZ35 | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4